

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO PARA A RECUPERACIÓN INTEGRAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE ORGÁNICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) formalizaron o día 13.05.2024 o instrumento convencional arriba referido, o cal estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e COGAMI para o desenvolvemento dun programa de apoio para a recuperación integral das persoas con discapacidade orgánica, actuación que ten como finalidade prestar servizos especializados ás persoas con discapacidade orgánica derivada dunha patoloxía crónica, de cara a diminuír o impacto das mesmas sobre a súa autonomía e previr situacións de dependencia.

Segundo consta nos seus estatutos, COGAMI ten por finalidade, entre outras, a defensa dos intereses das persoas con discapacidade de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da transformación social, do fortalecemento do movemento asociativo, a xeración de oportunidades de emprego e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas en todo o territorio de Galicia. Neste senso colabora no desenvolvemento dun programa de apoio para a recuperación integral das persoas con discapacidade orgánica, sendo COGAMI o único que conta con medios materiais e humanos no ámbito da nosa comunidade para dotar ao proxecto da dimensión axeitada.

O programa a desenvolver é un plan integral e innovador, cun perfil de destinatarios concretos, e ámbito de desenvolvemento de actividades particularizado centrado na atención especializada a cada colectivo no seu territorio, traballando sobre as persoas con enfermidade crónica que derivan nunha discapacidade para previr o seu empeoramento e as situacións de dependencia que poidan derivarse das mesmas.

O conxunto de accións que o integran están baseadas na prestación dos tratamentos e técnicas máis axeitados para cada patoloxía e persoa en función do seu grao de afectación e

evolución da enfermidade, prestados por persoal especializado con experiencia e formación para o tratamento do colectivo.

A execución do proxecto realizarase a través das asociacións de discapacidade orgánica integradas en COGAMI, que contan con persoal especializado para a prestación dos servizos propostos en distintos puntos da comunidade autónoma de Galicia (AGADHEMO, ACEM Coruña, ACEM Santiago, AODEMPER, AVEMPO, ALUCEM, CONARTRITE SANTIAGO, AESARPO, PARKINSON GALICIA, ALCER CORUÑA, ALCER LUGO, ALCER OURENSE, ALCER PONTEVEDRA, ACCU, AFFOU, AGFQ, ASEM GALICIA, AGL e ASOTRAME).

O obxectivo final é mellorar a saúde das persoas afectadas por enfermidade crónica, que segundo a última ENSE en Galicia implica un 79,30% dos pacientes (fronte ao 64,20% da media nacional). A prestación destes servizos de carácter preventivo-rehabilitador pretende mellorar a calidade de vida e saúde destes pacientes, atopándose en liña coa Estratexia galega de saúde 2030 que recolle a atención das persoas en situación de cronicidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

